

CEIP PIÑEROS

Concello de Narón



Estrada de Castela s/n
15570 - Narón (A Coruña)
Tif.: 881 93 03 78/881 93 03 79
e-mail: ceip.pinheiros@edu.xunta.es
Páxina web:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippinheiros/>



O CEIP Piñeiros está situado na localidade do mesmo nome do Concello de Narón.

ETAPAS

Impártense Educación Infantil e Educación Primaria.
Actualmente, dispoñemos de 9 unidades en funcionamento: 3 unidades de Educación Infantil e 6 unidades de Educación Primaria.

A EDUCACIÓN INFANTIL

A distribución horaria no noso centro na Educación Infantil está organizada dende un punto de vista flexible e globalizado, respectando os ritmos dos alumnos/as na realización de actividades, xogos e descansos, e combinando, ademais, os tempos de actividades específicas e de rutinas.

Dende o comezo das clases, no mes de setembro, e durante 10 días lectivos, establécese o período de adaptación para o novo alumnado de Educación Infantil, para que os nenos/as se vaian familiarizando, paulatinamente, co centro. Non se traballa con libros de texto. O persoal docente de Educación Infantil traballa a través de proxectos.



XORNADA ESCOLAR

O centro ten xornada única con horario dende as 9:00 ata as 14:00 horas.

SERVIZO DE MADRUGADORES

Dende as 7:30 horas ata as 9.00 horas: con almorzo ou sen almorzo.

SERVIZO DE ATENCIÓN O ALUMNADO Á SAÍDA (14:00 HORAS), sen comedor.

Estase xestionando que comece a funcionar un servizo de atención o alumnado no momento da saída, dende as 14.00 horas ata as 15:00 horas para aqueles nenos que non poden ser recollidos puntualmente polas familias. Este servizo será sen comedor.

HORARIO DE ATENCIÓN A PAIS/NAIS

Todos os martes, dende as 16:00 ata as 17:00 horas.

BIBLIOTECA

Cada curso actualízanse os fondos da biblioteca coa compra de novos materiais e libros. O equipo de biblioteca é o encargado de distribuir os libros entre o alumnado interesado en deles ou consualtos.



AULAS E ESPAZOS

3 aulas de Educación Infantil, 6 aulas de Educación Primaria, aula de Audición e Linguaxe, aula de Pedagogía Terapéutica, aula de Música, aula de Inglés, aula de Informática, Biblioteca, espazo de Radio escolar, ximnasio, pavillón municipal de deportes, patio cuberto, dous parques infantiles. Todas as aulas dispoñen de pizarra dixital interactiva.



PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE


O **persoal docente** que traballa no centro é o seguinte: 4 mestras de Educación Infantil, 6 mestres/as de Educación Primaria, 1 mestra de Educación Musical, 1 mestre de Educación Física, 1 mestre de Lingua Inglesa, 1 mestra de Relixión. Tamén traballan, a día de hoxe, 2 mestres/as de Pedagogía Terapéutica, 2 mestras de Audición e Linguaxe e 1 Orientadora.

O centro ten asignada unha **coiadora**, encargada da atención hixiénica e do desenvolvemento de determinados hábitos diarios dalgúns alumnos/as que así o requiren a súa situación e características ou necesidades específicas.

OFERTAS EDUCATIVAS DO CENTRO

O noso centro oferta **Inglés**, como lingua estranxeira. Tamén oferta **Relixión Católica e Atención Educativa e Valores Sociais e Cívicos**.

Como asignaturas de libre configuración, en 4º curso de EP impártese "Educación Viaria" e en 6º curso de EP impártese "Obradoiro de expresión artística e literaria".



PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Plan de educación viaria. En colaboración co Concello de Narón, estanse a desenvolver actividades relacionadas coa educación viaria ao longo de todo o curso escolar. O CEIP Piñeiros participa no proxecto "*Camiños escolares seguros*", coa finalidade de favorecer a seguridade e a autonomía dos nenos e nenas nos seus desprazamentos ao colexio así como fomentar hábitos saudables.



Así mesmo, o centro participa no desenvolvemento de actividades no ámbito da educación no **Parque temático integrado de desenvolvemento rural Aldea Nova e na área medioambiental Río Xuvia-Pedroso** e no **certame Intercentros** en colaboración, tamén, co Concello de Narón.

Proxectos da Consellería de Educación.

A día de hoxe, o centro participa na iniciativa **ARCO (Accións de Apoio, reforzo de Competencias e Orientación)** e **PROA+ (dentro dos Contratos programa Recuperá-T)** co obxectivo de favorecer o máximo desenvolvemento das capacidades no noso alumnado. Dentro, tamén, dos Contratos programa, o CEIP Piñeiros está a participar en **Innova**, traballando no proxecto **LÓVA ("La ópera como vehículo de aprendizaxe")**.

Por outro lado, o CEIP Piñeiros participa no Proxecto **E-Dixgal**. Os currículos de 5º e 6º cursos de Educación Primaria desenvólvense nun entorno dixital.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Segundo conveña ao desenvolvemento do currículo, realízanse actividades tales como saídas ao teatro, ao cine, visitas a museos, exposicións, granxas escolas, actividades deportivas, rutas culturais, etc., sempre e cando a situación sanitaria actual o permita.



PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTO POLA ANPA

Sempre que exista un número mínimo de alumnado interesado en participar, as actividades extraescolares que se desenvolven polas tardes están organizadas pola ANPA "As Aceas".



CENTRO ESCOLAR ADSCRITO

Cando o alumnado remata os seus estudos de Educación Primaria, ten praza asegurada no **CPI O Feal** o que non significa que deba escolarizarse obrigatoriamente nese centro. Ao rematar a Educación Primaria, as familias poden elixir o centro que desexen.



Se as familias queredes visitar o CEIP Piñeiros, só tedes que concertar unha cita coa dirección chamando ao seguinte número de teléfono: 881930378.